

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Xosé Núñez Búa, a Luís Seoane do 17/06/1963**

**Colección:**

**Data:** 17/06/1963

**De:**

Xosé Núñez Búa;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita co membrete:] CENIT. / Compañía Argentina de Seguros Generales, S.A. / SAN MARTÍN, 661. TEL. 31-9551

**Mencionados:**

Amparo Alvajar; Ben-Cho-Shey; Álvaro Gil Varela; Emilio González López; Ramón Martínez López; Valentín Paz-Andrade; Maruxa Seoane; José Villamarín Prieto;

---

## **Transcrición da epistola de Xosé Núñez Búa, a Luís Seoane do 17/06/1963**

17-6-63

Querido Luis:

Aínda non tiven o vagar suficiente pra facer un pequeno proieito comercial do que podería ser esa empresa na que ti matinas e cuias bases, mellor, fundamentos espós con tanta xusteza, saber e craridade nas túas duas cartas. Fareino. Pol-o pronto, prégoche que copia [sic] das dúas cartas –que supoño terás– llas mostres a Álvaro, primeiro, e dempois a Valentín. Álvaro leeu a primeira e mostrouse disposto a poñer deica 3 millóns de ptas. Se é así, eu trataría, unha vez postos de acordo no básico, de atopar outros cartos. Coido que os atoparei. Álvaro, xa o verías, é home de moita tarefa, pro, pra os amigos, sempre atopa un intre. O único que non fai é escribir. Supoño xa o terás visto.

No Centro conseguín que inviten a González López, pois Martínez López sairá axiña pra Galiza. Eu coido que Emilio tampouco poderá vir, pois ten un curso de vran e non sabe si lle darán 8 días de permiso. O seu libro está no prelo. Coido que

atoparemos eiquí tódolos cartos e non precisaremos facer uso do xeneroso ofrescemento de Álvaro. No C[entro] Galego hai ambiente –Villamarín– pra contribuir en parte ós gastos do libro de Ben Cho Sey, pero fai falla saber cánto será. Parez que Álvaro ofresceu –díxomo íl– 50 mil ptas. Castro Rial –bó rapaz, parece– desexa falarche. Ten amigos arquiteitos e ademáis é mandamáis do Faro de Vigo.

Teléfonos:

Ben Cho Sey- 2438932

Castro Rial- 2391392

Álvaro-Oficiña: 318000

Casa: 2612637

Apertas pra ti e Maruxa

Pepe

[Escrito na marxe esquerda:] Cando escribades a Amparo que se lembre do que lle pedín pra o meu afillado carpinteiro, xa estou en relación telefónica ca súa amiga Srta. Laferrere.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.